

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO.AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR. Curso escolar 2021/22

QUEN PODE SOLICITALO?:

- **Fondo solidario de libros de texto:** alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP.
- **Axudas para adquirir libros de texto:** alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e en educación especial (EE); así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído na disposición adicional primeira (discapacidade \geq 65%) e na disposición adicional segunda (necesidades específicas de apoio educativo –NEAE-), circunstancia que fará constar o centro na solicitude.
- **Axudas para adquirir material escolar:** alumnado matriculado en EP e EE.

QUE PRAZOS TEMOS PARA SOLICITALO?:

- Ata o **22/06/2021 (este incluído)** para alumnado de EP e EE, no centro escolar ou mediante a sede electrónica.

ONDE O PODO SOLICITAR?:

- **Solicitude no centro:** Neste caso recollerán a solicitude en horario de 10:45 a 11:45 e presentarse no centro (debidamente asinados), xunto coa documentación no mesmo horario.
- Solicitude na **Sede Electrónica da Xunta de Galicia.**

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B>

Neste suposto o centro recibira un aviso no seu correo electrónico que lle informara de que ten solicitudes presentadas por esta vía.

QUE DOCUMENTACIÓN TEÑO QUE PRESENTAR?:

- Solicitude unha soa por familia e por centro (Anexo I)
- Anexo II.
- Copia de todo o libro de familia.
- En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

	Renda per cápita familiar			Calquera renda per cápita					
	\leq 6.000€	> 6.000 e \leq 10.000€	\leq 6.000€	En garda ou tutela da Xunta		Discapacidade \geq 65%		Educación especial	
	Libros de texto		Material	Libros de texto	Material	Libros de texto	Material	Libros	Material
1º e 2º EP	210€	140€	50€	210€	50€	275€	50€	275€	50€
3º, 4º, 5º e 6º EP ou ESO	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	Fondo: 4 libros ⁽¹⁾		Fondo: 6 libros ⁽¹⁾		Fondo: 6 libros ⁽¹⁾ ou: 275 € ⁽²⁾			
Alumnado con NEAE – EP ⁽³⁾	210€	140€		210€					
Alumnado con NEAE – ESO ⁽³⁾	240€	160€		240€					